



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**CMUS E CDAN DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA**

## Procedemento PR62XES

# Planificación do sistema de xestión da calidade (SXC)

Versión	Modificación	Data
01	Recodificación	01/09/2017

ELABORADO: Asesoría da calidade do Servizo de Xestión de Ensinanzas de Réxime Especial		REVISADO: Responsable de Calidade dos CMUS E CDAN de Galicia		APROBADO: Dirección dos CMUS E CDAN de Galicia	
Rosa Gao Sánchez.		Álvaro Ariño Roure		Juán Durán Alonso	
Data	14/09/2015	Data	30/09/2015	Data	30/09/2015



## Índice

---

1.	<b>Obxecto.....</b>	<b>3</b>
2.	<b>Ámbito de aplicación.....</b>	<b>3</b>
3.	<b>Misións e responsabilidades.....</b>	<b>3</b>
4.	<b>Desenvolvemento do proceso.....</b>	<b>4</b>
5.	<b>Información documentada.....</b>	<b>4</b>



## 1. Obxecto

---

- Definir o procedemento para realizar o seguimento dos obxectivos do proxecto educativo, da programación xeral anual e dos indicadores establecidos.
- Definir o método a seguir para planificar a calidade garantindo a integridade do sistema de xestión (SXC).

## 2. Ámbito de aplicación

---

O SXC no seu conxunto.

## 3. Misións e responsabilidades

---

- Dirección da rede dos CMUS E CDAN de Galicia, cando proceda:
  - Dar as directrices para a elaboración do proxecto educativo dos CMUS E CDAN de Galicia.
  - Aprobar os Plans de Calidade.
- Responsable de Calidade da rede dos CMUS E CDAN de Galicia
  - Realizar o seguimento dos obxectivos dos CMUS E CDAN de Galicia.
  - Realizar o seguimento dos Plans de Calidade.
- Comité de calidade da rede dos CMUS E CDAN:
  - Propoñer as modificacións do Sistema de Xestión de Calidade.
  - Analizar o seguimento dos obxectivos.
  - Realizar a valoración conxunta dos proxectos educativos e das programacións xerais anuais.
  - Realizar a valoración conxunta do cumprimento de Indicadores de proceso nos CMUS E CDAN.
  - Participar na elaboración dos Plans de Calidade
  - Detectar oportunidades de mellora ou accións correctivas segundo proceda.
- Equipo directivo.
  - Elaborar, coordinar e dirixir o proxecto educativo e a programación xeral anual.
  - Realizar a valoración do proxecto educativo e da programación xeral anual do seu centro presentandoa aos órganos colexiados para a súa avaliación recollendo as propostas que se poidan presentar.
  - Realizar a valoración dos resultados acadados nos Indicadores de proceso no seu centro, tomando medidas no seu caso.
  - Avaliar a eficacia das accións desenvolvidas.



- Responsable de calidade de cada CMUS E CDAN
  - Recadar información do seguimento e medición de indicadores e obxectivos.
  - Participar na valoración do proxecto educativo e da programación xeral anual do centro.
- Persoal dos CMUS E CDAN
  - Aportar os datos do seguimento e medición de Indicadores de proceso, así como das accións do proxecto educativo e da programación xeral anual das que fosen responsables.

## 4. Desenvolvemento do proceso

---

Unha vez establecidos os obxectivos e indicadores cada responsable fará un seguimento continuo dos mesmos que se evidenciará trimestralmente no modelo de seguimento de obxectivos ou de seguimento de indicadores, segundo corresponda e que será avaliado polos organos colexiados.

Esta información terase en conta para a elaboración do informe de revisión do sistema de xestión da calidade nas reunións trimestrais (MD56REV01)

## 5. Información documentada

---

- PR62XES. *Planificación da xestión da calidade*
  - MD62XES01 *Seguimento e medición de Indicadores*
  - MD62XES02 *Seguimento de obxectivos.*